



Resolución reitoral de 8 de maio de 2026 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade de formación (STT) do persoal da Universidade da Coruña

Mediante resolución reitoral de 16 de xuño de 2025, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade de formación (STT) de persoal da Universidade da Coruña e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

O 30 de abril de 2026 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentou ningunha alegación á lista provisional.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas STT 2025/26 entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 24 de abril de 2026, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que disporán dun prazo de cinco días naturais a partir da súa recepción para formalizar a súa aceptación, e que, unha vez formalizada a aceptación deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización



ANEXO . Relación de beneficiarios

Nome	Programa	Ano académico.	Centro	PDI/PTXAS	Pais destino	Institución destino	Inicio (data prevista)	Fin (data prevista)	Duración	Axuda dieta	Axuda viaxe	Bolsa Máxima.
Suárez Álvarez, Patricia	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Ciencias da Educación	PDI	Portugal	Universidade de Porto	11/05/2026	15/05/2026	7	0	0	0
Vivas Costa, Jamile	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Fisioterapia	PDI	Austria	FH JOANNEUM - University of Applied Sciences	09/06/2026	11/06/2026	7	0	0	0
De Carreño de Vicente, María de las Mercedes	Erasmus-STT	2025/26	Facultade de Turismo	PDI	Portugal	Instituto Europeo de Estudios Superiores	25/05/2026	29/05/2026	7	0	0	0